



BOP

MÉRCORES, 6 DE MARZO DE 2019

N.º 054

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2018-2019.

As iniciativas de promoción e fomento do deporte teñen na concesión de subvencións ás entidades deportivas unha das accións principais e máis eficaces manifestacións. Estas actuacións, realizadas conforme a baremos públicos e obxectivos, véñense realizando nos últimos anos, de forma que as entidades deportivas poidan acometer as actividades obxecto de subvención da forma máis operativa, co obxectivo de intentar garantir a promoción e fomento deportivo por parte da Deputación de Lugo, apostando polo impulso do crecemento e o fortalecemento da actividade deportivo-competitiva.

1.- OBXECTO E RÉXIME DAS SUBVENCÍONS

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das subvencións, xa que a súa condición unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na convocatoria, tendo en conta que quedan determinadas as disciplinas e modalidades incluídas e que se vinculan á súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación).

1.1. As subvencións desta convocatoria teñen por finalidade o fomento e a promoción do deporte lucense no seu ámbito deportivo-competitivo.

1.2. Será obxecto deste procedemento de subvencións financiar os gastos de temporada 2018-2019 dos clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase expresamente o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación), de como mínimo 15 xornadas de competición regular oficial e nas seguintes disciplinas deportivas e modalidades deportivas:

- Fútbol
- Fútbol sala
- Baloncesto
- Voleibol

1.3. Estas subvencións outórganse polo procedemento de concorrancia non competitiva, consonte ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas. Os beneficiarios virán determinados automaticamente por cumpriren os requisitos establecidos para teren a condición de beneficiario consonte á base segunda da presente convocatoria.

Réxime da convocatoria:

As subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrancia non competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas cunha finalidade de

promoción deportiva (código finalidade 93.1), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

Poderán ser beneficiarios das subvencións os clubs deportivos da provincia de Lugo que teñan a súa sede e domicilio social na provincia de Lugo e participen en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase expresamente o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación), na modalidade para a que solicitan a subvención e dentro das disciplinas indicadas no punto 1.2 da presente convocatoria e que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido na presente convocatoria, tendo a consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade destas bases, se atope na situación que lexítima a súa concesión. Quedan expresamente excluídas, por tanto, deste procedemento as sociedades anónimas deportivas.

Non poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións os clubs deportivos nos que conorra algunha das circunstancias sinaladas no punto 2º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en consecuencia, non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen conorra nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, que se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.
- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta Lei cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.
- k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3 do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9//2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

2.1 Obrigas dos beneficiarios

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

- b)** Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c)** Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d)** Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e)** Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f)** Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.
- g)** Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h)** Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- i)** Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- j)** Comprometerse a incluír a imaxe corporativa da área de Deportes da Excm. Deputación Provincial e de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas desta subvención. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
- k).** Os beneficiarios comprométese coa utilización nas publicacións, nos carteis, na publicidade e en toda produción escrita e en todos aqueles soportes de imaxe ou de audio que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, dunha linguaxe non sexista e inclusiva, así como o uso de imaxes publicitarias que en ningún caso vulneren a dignidade da muller.
- l)** Os beneficiarios comprométese a colaborar, coa precisa previa planificación, nas actividades de fomento do deporte de base programadas pola Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte e, especialmente, mediante a participación dos xogadores/as, adestradores e equipo técnico nas actividades, cursos, conferencias ou clínicas dirixidos a deportistas de base e á comunidade educativa, naquelas campañas ou actos que a Área puidese deseñar e desenvolver no campo da igualdade de xénero e de promoción do deporte entre colectivos de capacidades diferentes.
- m)** Non desenvolver dentro da actividade subvencionada, actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero, de acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero.
- n)** Establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.
- ñ)** A colocación no lugar de competición como local e en lugar visible (estadio, cancha, etc) da imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo, nos distintos soportes utilizados na realización da actividade ou comportamento.
- o)** Lucir, no seu caso, na indumentaria, de acordo coa normativa reguladora da respectiva competición, a imaxe institucional da Deputación de Lugo.

En todo caso, aqueles clubs que, por razóns debidamente acreditadas a xuízo da Deputación de Lugo, non poidan cumprir as obrigas previstas neste dous últimos puntos, deberán comunicalo canto antes, achegando alternativas que permitan satisfacer as necesidades de difusión. Nestes casos, a Deputación de Lugo, decidirá motivadamente a autorización ou non das alternativas propostas.

O abandono ou expulsión dun club deportivo da competición na que estea inscrito antes da finalización da temporada deportiva, calquera que sexa a razón, dará lugar ao reintegro da totalidade das contías percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

3. COMPATIBILIDADE

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais sen prexuízo da obriga de lle comunicar ao órgano concedente a súa obtención. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario. Esta circunstancia deberá ser acreditada polo beneficiario conforme o establecido nas bases desta convocatoria.

Quedan expresamente excluídas do presente procedemento, por tanto, as sociedades anónimas deportivas.

4.- CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións 2018-2019 da Excm. Deputación Provincial de Lugo terán carácter voluntario e eventual. A concesión de subvencións para a anualidade de 2019, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores. En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5.- ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo para gastos de temporada 2018-2019 que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, será de catrocentos corenta mil euros (440.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2019, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións 2018-2019 desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, área de Deportes na súa liña 4.2 Deportes.

6.- PRESENTACIÓN, PRAZOS, LUGAR DE PRESENTACIÓN, ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE A PETICIÓN E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As solicitudes, dirixidas ao Presidente de Deputación de Lugo, formularanse nos modelos oficiais, os cales serán facilitados directamente pola Deputación Provincial: un exemplar da solicitude- xunto coa documentación que se acompañe- presentaranse no Rexistro Xeral de Deputación, quedando outro exemplar en posesión dos interesados.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e daqueles que conveñan para a definición da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nas bases desta convocatoria.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

OS DOCUMENTOS NECESARIOS A PRESENTAR COA SOLICITUDE SON:

- Proxecto e memoria completa e detallada da actividade programada.
- Fotocopia do NIF do representante da entidade
- Fotocopia do CIF da entidade
- Fotocopia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro de asociacións correspondente. No caso de telos presentados con anterioridade, deberá achegar certificado do secretario da entidade de que non se produzan modificacións desde a súa presentación. (Anexo 10)
- Copia de certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, á data de publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- **Certificados** de estaren ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.
- **Anexo 1.** Solicitude de subvención provincial.
- **Anexo 2.** Certificación da entidade solicitante do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade e disciplina deportiva para a que se solicita a axuda.
- **Anexo 3.** Certificación acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial e do nomeamento do representante da entidade para as relacións coa Deputación Provincial.

- **Anexo 4.** Certificación da entidade na que se faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva
- **Anexo 5.** Declaración do representante de estar ao corrente de obrigas tributarias, e da Seguridade Social, non estar incurso en prohibición para ser beneficiario segundo o establecido na Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia.
- **Anexo 6.** Declaración xurada do representante de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Ente Públicos ou privado, estatal ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, segundo o modelo normalizado.
- **Anexo 7.** Autorización da entidade, para os efectos de concesión e xustificación da subvención, para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.
- **Anexo 8.** Certificado do secretario da entidade das dificultades económicas.
- **Anexo 9.** Declaración de non deducir o IVE, se é o caso, e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- **Anexo 10.** Certificado do secretario da entidade de que os estatutos non sufriron modificacións dende a súa presentación.
- **Anexo 11.** Solicitud, -no seu caso-, de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con terceiros.
- **Certificación da respectiva federación da correspondente disciplina deportiva das seguintes circunstancias:**
 - Inscripción do club solicitante na competición e disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda.
 - Disciplina e/ou modalidade deportiva na que está inscrita a entidade solicitante e para a que solicita a axuda.
 - Máxima categoría na que milita o club deportivo solicitante na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda (enténdase expresamente o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación).
 - Número e identificación das respectivas categorías nas que dispón de equipo federado na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda
 - Número de categorías absolutas inferiores á que se milita, do total daquelas nas que se estrutura a competición da disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
 - Número de equipos por cada unha das respectivas categorías na disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
 - Número de deportistas con licenza federativa por cada un dos respectivos equipos e categorías na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
 - Competición na que está inscrito que se desenvolve nun único grupo/ou en varios grupos de competición, na disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención (enténdase referida ao equipo que milite na categoría superior).
 - Antigüidade do club deportivo

Calquera outro dato deportivo e da competición que deba ser acreditado pola federación correspondente do campionato ou liga na que participen e na disciplina para a que solicite a axuda.

Así mesmo, deberá achegar a **documentación acreditativa dos contidos e fins sociais da actividade deportiva** que desenvolva o club, para os efectos da súa valoración.

A presentación da solicitud implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria.

De acordo co artigo 68. *Emenda e mellora da solicitud* da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitud non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos da documentación administrativa presentada, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

7. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaría Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios/as da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar -de xeito expreso- a desestimación do resto das solicitudes, se é o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

8. CRITERIOS DE DETERMINACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN

A. Equipos por categoría

Enténdese por categoría, os niveis da respectiva competición estatal da respectiva disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a axuda, na temporada 2018-2019.

Por cada equipo en 1º categoría estatal 50 puntos

Por cada equipo en 2º categoría estatal 25 puntos

B. Número de categorías absolutas inferiores á na que milita o equipo de superior categoría da entidade deportiva, do total daquelas nas que se estrutura a competición da disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención e acreditadas mediante certificación federativa (excluída aquela na que milita o equipo de superior categoría), na temporada 2018-2019.

Maior ou igual ca 4 30 puntos

Menor a 4 10 puntos

C. Ámbito xeográfico de desenvolvemento da competición na que está inscrito o equipo de maior categoría da entidade deportiva na disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a axuda.

Competición que se desenvolve nun único grupo de competición 40 puntos

Competición que se desenvolve en varios grupos de competición 20 puntos

D. Existencia de equipos en categorías base

Valorarase a existencia de equipos da entidade deportiva solicitante en categorías base (enténdase categorías inferiores á 1ª ou 2ª categoría estatal) na modalidade deportiva na que se solicite a axuda (poderanse incluír aqueles filiais ou equipos cos que se manteña convenio efectivo e en vigor na anualidade na que se solicita a axuda e que así o acrediten), na temporada 2018-2019.

Con equipos en categorías base: 20 puntos

Sen equipos en categorías base: 0 puntos

E. Equipos femininos da entidade solicitante que militen na primeira ou segunda categoría na modalidade deportiva para a que solicita a subvención, na temporada 2018-2019

Con equipo feminino na primeira ou segunda categoría 10 puntos

Sen equipo feminino na primeira ou segunda categoría 0 puntos

F. Anos de permanencia da entidade deportiva con equipo na 1ª categoría, ou na 2ª categoría estatal na modalidade deportiva para a que solicita a subvención, nos últimos 15 anos e con tempadas rematadas, é dicir, entre a tempada 2003-2004 e a tempada 2018-2019, ambas as dúas incluídas.

Só se terá en conta, exclusivamente, o período de presenza acreditado do equipo en unha das dúas categorías e en todo caso, a relativa á de categoría superior.

10 ou máis anos de permanencia 50 puntos

Menos de 10 anos 25 puntos

G. Anos de antigüidade na creación da entidade deportiva, debidamente acreditados, na anualidade 2019 (a 1 de xaneiro de 2019).

Dez ou máis anos de historia 5 puntos

Menos de 10 anos de historia 2, 5 puntos

H. Contidos e fins sociais da actividade do club ou entidade debidamente acreditados, na temporada 2018-2019.

Contidos e fins sociais acreditados 5 puntos

Non acredita 0 puntos

9. CONTÍA E CÁLCULO DA SUBVENCIÓN

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións ou Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da acción ou comportamento.

A subvención máxima que se poderá conceder non poderá superar o 60 % do orzamento financiable presentado por cada un dos solicitantes.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor económico do punto, será o resultante de dividir o total de crédito orzamentario asignado de acordo co reflectido no punto 5 da presente convocatoria, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, en cada unha das disciplinas e modalidades deportivas, respectando, en todo caso, a porcentaxe máxima establecida nesta convocatoria e a solicitude formulada.

En consecuencia a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co determinado anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional, entre as solicitudes admitidas e completas, sempre respectando os criterios indicados.

10.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución ou comportamento subvencionado será o comprendido e referido á temporada deportiva oficial 2018-2019, de acordo coa normativa da respectiva federación.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non conclúise pola propia natureza desta, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

11. RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instructor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención até que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada

aos afectados, senón que [será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización (Anexo 12) para realizar as comunicacións previstas nesta convocatoria realizaráselles unha comunicación persoal por correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web <http://www.deputacionlugo.org>. No caso de que non presenten a devandita autorización, non se realizará a mencionada comunicación persoal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

12.- XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Considéranse gastos subvencionables , aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no ano 2019.

Establécese que o beneficiario poderá incluír como gasto xustificable e como máximo ata o 30 % do importe da subvención concedida, gastos derivados dos gastos federativos (enténdase licenzas, arbitraxes, mutualidades, seguros federativos, canons e inscricións federativas) e de transporte de equipos de categorías inferiores (alugueiro de autobuses ou taxis; ou gastos de combustible de vehículos propiedade do club solicitante, debidamente acreditada) da mesma disciplina ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención do participante na competición de 1ª ou 2ª categoría estatal. Os gastos anteriormente referidos deberán reflectirse expresamente na relación total de gastos da actividade para os efectos da súa acreditación.

Os gastos financeiros , os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensábeis para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e, que se acredite o seu pagamento.

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros até o 100 por cento do importe da actividade subvencionada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- **Memoria detallada da actuación xustificativa** e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando a duración da actividade, e o nivel de logros acadados.

- **Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada**, que conterá:

1. **Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.**

2. **Relación clasificada dos gastos** da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Así mesmo, deberá reflectir expresamente os gastos vinculados aos gastos de tempada da entidade e, no seu caso, aqueles gastos federativos (enténdase licenzas, arbitraxes, mutualidades, seguros federativos, canons e inscricións federativas) e de transporte (alugueiro de autobuses ou taxis; ou gastos de combustible de vehículos propiedade do club solicitante, debidamente acreditada) da mesma disciplina ou modalidade deportiva de equipos de categorías inferiores

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

3. **Facturas ou documentos de valor probatorio** equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas ("*estampilladas*") polo órgano xestor. Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Expresamente, no referido a aquelas facturas de combustible, deberá constar e reflectirse na propia factura a matrícula do vehículo utilizado, e deberá acreditarse a titularidade do club.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

4. Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

5. **Declaración responsable** da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

6. **Declaración responsable** da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

7. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións, deberá ter solicitado o beneficiario, cando o importe da subvención concedida sexa igual ou superior a 60.000,00 euros. En todo caso, en cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

***Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.** Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado. Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. Para esta situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

- **Declaración responsable da entidade de non ser debedor** por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- **Documento emitido pola entidade bancaria**, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- Se é o caso, **declaración responsable do representante da entidade** de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- **Acreditación**, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a **imaxe corporativa** da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.
- **Acreditación**, no seu caso, da titularidade do vehículo/s propiedade da entidade solicitante, para os efectos de acreditación de xustificación do gasto.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderase requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da xustificación presentada.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación ES04-2080-0163-85-3110000423. Tamén procederá a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou á data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

13.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, e en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2020.

Este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, previo trámite do expediente, e tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou á data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

14. PAGAMENTO

No caso de que o beneficiario o solicite, poderase realizar un anticipo como entrega de fondos que non superará o 50 % da axuda concedida, a través de transferencia bancaria á conta corrente do beneficiario, e con dispensa de garantía.

No caso de se proceder ao anticipo do 50 %, o pagamento do 50 % restante da subvención concedida, queda condicionado á presentación e aprobación da documentación xustificativa sinalada anteriormente, a través de transferencia bancaria á conta corrente do beneficiario.

En ambos os dous casos, non se procederá ao aboamento da subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Para o aboamento do devandito anticipo, a entidade beneficiaria deberá achegar:

1. Solicitude do anticipo.
2. Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
3. Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.
5. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativos da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

15.- REDUCIÓN

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención e por ende ao reintegro da contía anticipada e á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou á data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións ao que remite o artigo 34 da mesma; no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

16. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

17. RENUNCIA

A renuncia á subvención outorgada poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

18. PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra en forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

19.- SUPOSTOS DE REINTEGRO

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases e da convocatoria para a concesión destas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

En todo caso, aplicaranse como causas de reintegro as previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e disposicións concordantes e como procedemento de tramitación do reintegro o previsto no artigo 41 da LXS e disposicións concordantes.

20. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á

libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

21. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra as mesmas recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

22.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

OUTRAS DETERMINACIÓNS

Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2017-2019

Lugo, 26 febreiro de 2019.- O Presidente, P.D. nº 402/2017, de data 24/02/2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- A Secretaría, María Esther Alvarez Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2018-2019.

EXPEDIENTE DE SOLICITUDE

DATOS DO CLUB		
Denominación social		CIF
Enderezo social:		CP:
Localidade	Provincia	Teléfono

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos		DNI
Enderezo a efectos de notificación:		
CP	Localidade	Provincia
Teléfono/s	Email	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

DOCUMENTACION

- OS DOCUMENTOS NECESARIOS A PRESENTAR COA SOLICITUDE SON:

- Proxecto e memoria completa e detalla da actividade programada.
- Fotocopia do NIF do representante da entidade
- Fotocopia do CIF da entidade
- Fotocopia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro de asociacións correspondente. No caso de telos presentados con anterioridade, deberá achegar certificado do secretario da entidade de que non se produciran modificacións. (Anexo 10)
- **Certificados** de estaren ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.
- **Anexo 1.** Solicitud de subvención provincial.
- **Anexo 2.** Certificación da entidade solicitante do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade e disciplina deportiva para a que se solicita a axuda.
- **Anexo 3.** Certificación acreditativa da entidade do acordo de solicitud de subvención á Deputación Provincial e do nomeamento do representante da entidade para as relacións coa Deputación Provincial.
- **Anexo 4.** Certificación da entidade na que se faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva
- **Anexo 5.** Declaración do representante de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estar incurso en prohibición para ser beneficiario segundo o establecido na Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia.
- **Anexo 6.** Declaración xurada do representante de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Ente Públicos ou privado, estatal ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, segundo o modelo normalizado.
- **Anexo 7.** Autorización da entidade, para os efectos de concesión e xustificación da subvención, para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.
- **Anexo 8.** Certificado do secretario da entidade das dificultades económicas.
- **Anexo 9.** Declaración de non deducir o IVE, se é o caso, e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- **Anexo 10.** Certificado do secretario da entidade de que os estatutos non sufriron modificacións dende a súa presentación
- **Anexo 11.** Solicitud, -no seu caso-, de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con Terceiros.
- **Anexo 12.** Autorización para recibir a través de correo electrónico de comunicacións da Área e servizo de Deportes.
- Copia de certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, á data de publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Certificación da respectiva federación da correspondente disciplina deportiva na que reflectan expresamente as seguintes circunstancias:

- Inscripción do club solicitante na competición dentro da disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda, con indicación da categoría, na temporada 2018-2019.
- Disciplina e/ou modalidade deportiva na que está inscrita a entidade solicitante e para a que solicita a axuda.
- Máxima categoría na que milita o club deportivo solicitante na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda
- Número e identificación das respectivas categorías nas que dispón de equipo federado na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda
- Número de categorías absolutas inferiores á que se milita, do total daquelas nas que se estrutura a competición da disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
- Número de equipos por cada unha das respectivas categorías na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
- Número de deportistas con licenza federativa por cada un dos respectivos equipos e categorías na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a subvención.
- Competición na que está inscrito que se desenvolve nun único grupo/ou en varios grupos de competición, na disciplina deportiva para a que se solicita a subvención (enténdase referida ao cub que milite na categoría superior).
- Antigüidade da entidade deportiva

Calquera outro dato deportivo e da competición que deba ser acreditado pola federación correspondente do campionato ou liga na que participen e na disciplina para a que solicite a axuda.

- Así mesmo, deberá achegar a documentación acreditativa dos contidos e fins sociais da actividade deportiva que desenvolva o club, para os efectos da súa valoración.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROVINCIAL

O/a que subscribe, na súa calidade de representante do club....., ao abeiro das normas establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, manifesta que:

D./D.ª.....idade ___ con DNI

na miña condición de representante da entidade

.....con CIF

EXPOÑO:

Que o noso **orçamento financiable**² é de€

Que nos concederon/solicitamos outras axudas doutras administracións, entes públicos ou privados.

NON

☐

SI

☐

Importe total.....€

SOLICITO:

Para a actividade a realizar, e nas condicións que quedan indicadas e dentro da convocatoria, do concurso de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, unha axuda por un importe en euros.....

☐

Solicito o aboamento do anticipo a conta do 50% do importe da subvención concedida, con dispensa de garantía.

☐

Non solicito o aboamento do anticipo a conta do 50% do importe da subvención concedida

¹ Acompañar copia do documento nacional de identidade.

² O orçamento financiable é o custo soportado pola entidade para os efectos da acción ou actividade desta convocatoria



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación de Lugo
Lexitimación	RGPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras administracións As requiridas pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_subvencions

..... de de 2019

O /A representante

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 2

D./D.^a.....,
secretario /a da entidade.....

con CIF

CERTIFICO:

Que o orzamento financiable da actividade para a que se solicita a presente axuda, é dicir, subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, e que se reflicten no seguinte cadro, é:

CONCEPTO	IMPORTE

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	BASE	TOTAL IVE ³	TOTAL
	€	€	€

³ Ter en conta que o IVE só se engadirá neste orzamento se é un custo soportado pola entidade solicitante por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE	
(MÍNIMO 5 %)	€

Os gastos incluídos neste orzamento están directamente relacionados coa actividade da presente convocatoria e son indispensables para a súa adecuada preparación e / ou a súa execución.

O que certifico, para os efectos de solicitude de axuda provincial dentro da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, da Deputación Provincial de Lugo, por orde e co visto e prace do Sr. Presidente.

....., de de 2019

V ° e Prace:

O/A secretario/a

O / A Presidente/a

(Sinatura e selo)



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 3

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DO ACORDO DE SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA ENTIDADED./D.^a..... con

DNI.....

como secretario da entidade.....

con CIF

CERTIFICO

1. Que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día/...../..... adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019.
2. Que así mesmo, acordouse nomear a D./D.^a con DNI representante para as relacións desta entidade coa Deputación.
3. Que na devandita reunión acordouse así mesmo aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente certificación

....., de de 2019

O/A secretario/a

V ° e Prace:

(Sinatura e selo)

O / A Presidente/a



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 4

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DO DOMICILIO SOCIAL ACTUAL E OS MEMBROS DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA DA ENTIDADE

D./D.^acon DNI

como secretario do club

con CIF

CERTIFICO

Que o domicilio social e sede actual da nosa entidade é.....

.....

.....

Que os membros actuais da xunta directiva da nosa entidade son:

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente certificación

....., de de 2019

O/A secretario/a

V ° e prace:

(Sinatura e selo)

O / A Presidente/a



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 5

DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE ESTAR AO CORRENTE DE OBRIGAS E NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA SER BENEFICIARIO

D/D^a.:_____ con NIF: _____ actuando en representación de:
_____ con C.I.F _____ con enderezo a efectos de notificación en
_____ CP _____,

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións.
2. Que a Entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 y 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste ante esta Deputación Provincial de Lugo, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En_____, _____, de _____ de 2019

O/A representante



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 6

DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DAS AXUDAS/ SUBVENCIÓNS OU PATROCINIOS (sen achega económica) SOLICITADOS E/OU CONCEDIDOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PARA A MESMA ACTIVIDADE

D./D.^a....., con DNI na
 miña condición de representante do
 club..... con CIF

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

☐ Que non solicitamos nin nos concederon outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a actividade para a que solicitamos subvención.

☐ Que a seguinte táboa sinala a/s outra/s axuda/s ou subvención/s solicitadas e/ou concedidas por outras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a actividade, acción ou comportamento:.....
, sendo esta a mesma para a que solicitamos subvención a Deputación Provincial de Lugo ao abeiro da convocatoria do concurso subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019:

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€
			€
		TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS	€

☐ Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade

RELACIÓN DETALLADA

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

..... de de 2019

O/A representante



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 7

AUTORIZACIÓN DA ENTIDADE

D./D^a.....con
DNI.....endereço para os efectos de notificación
en.....e
teléfono/s.....,na condición de representante do
club.....con
CIF

AUTORIZO:

Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- o certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste, para os efectos de concesión e xustificación das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1^a ou 2^a categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019; asino esta autorización.

....., de de 2019

O/A representante

(sinatura)



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 8

CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE DAS DIFICULTADES ECONÓMICAS

D./D^a.....con D.N.I.
núm....., como secretario da entidade.....,
con CIF núm.

CERTIFICO:

Que segundo a documentación que figura nesta entidade e os informes do seu tesoureiro/a, esta entidade presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actividade, para a que se solicita subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1^a ou 2^a categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019, sen o anticipo a conta do 50% do importe da subvención solicitada, é dicir, (.....€), coa dispensa de garantía.

Para que conste, para os efectos de solicitude de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2018-2019 que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1^a ou 2^a categoría absoluta estatal á Excm. Deputación Provincial de Lugo; expido a presente certificación.

..... de..... de 2019

O/A Secretario/a

V.º e praxe:

(sinatura)

O/A Presidente/a



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 9

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON SER DEBEDOR POR RESOLUCIÓN DE PROCEDENCIA DE REINTEGRO E DE ASUNCIÓN DO IVE (ANEXO VI)

D/D.^a _____, con NIF _____, e enderezo para os efectos de notificación: _____, na miña condición de representante da entidade _____ co CIF _____

Para os efectos de solicitude de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2018-2019 que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal.

Declaro baixo xuramento a súa responsabilidade:

- Que a entidade que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Que a entidade que represento: (marque o que proceda)
 - ☐ si está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
 - ☐ non está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

E para que conste ante a Deputación de Lugo, asino esta declaración no lugar e data indicados.

_____, a __ de _____ 2019

O/A Representante,



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 10

CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE DE QUE OS ESTATUTOS NON SUFRIRON MODIFICACIÓNS DENE A SÚA PRESENTACIÓN

D./D^a _____ con NIF _____ como secretario da entidade _____ con CIF _____

CERTIFICO:

Que os estatutos da entidade foron presentados na anualidade _____ ante a Área de _____ da Deputación de Lugo.

Que dende a súa presentación estes non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade.

Para que conste, para os efectos de solicitude de subvención á Deputación de Lugo, expido a presente certificación.

_____, ____ de _____ de 2019

O/A Secretario/a

V.º e prace:

O/A Presidente/a



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 11

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBCONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS CON TERCEIROS ⁽¹⁾ (ANEXO VIII)

D./D.^a _____, con NIF _____, con enderezo para os efectos de notificación en _____, na miña condición de representante da entidade _____, con CIF _____, sé social en _____, localidade _____ e concello de _____ (Lugo),

SOLICITA en aplicación do artigo 29 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que a Deputación Provincial de Lugo autorice a subcontratación coa/s entidade/s cuxos datos a continuación se relacionan:

DATOS DA/S ENTIDADE/S PARA AS QUE SE SOLICITA AUTORIZACIÓN DE SUBCONTRATACIÓN ⁽²⁾

NOME OU RAZÓN SOCIAL:	
CIF:	ACTIVIDADE PRINCIPAL:
VINCULACIÓN CO BENEFICIARIO:	

NOME OU RAZÓN SOCIAL:	
CIF:	ACTIVIDADE PRINCIPAL::
VINCULACIÓN CO BENEFICIARIO:	

IMPORTE PARA O QUE SE SOLICITA AUTORIZACIÓN DE SUBCONTRATACIÓN:

TOTAL IMPORTE da actividade concertada:
PORCENTAXE que supón dito importe respecto á subvención concedida:

ACTIVIDADES OU FASES A SUBCONTRATAR ⁽³⁾:

	Denominación da Actividade	Descrición da subcontratación	Entidade/s a subcontratar	Importe
1				€
2				€
3				€
4				€
5.				€
6				€
7				€
TOTAL				€

PARA O QUE ASINO A SEGUINTE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Que a subcontratación da/s actividade/s subvencionada/s non será concertada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

Que estean incursas nalguna das prohibicións establecidas na lei Xeral de Subvencións.

- A) Que haxan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- B) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- C) Que estean vinculadas co beneficiario ⁽⁴⁾.
- D) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa e que non haxa obtido subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

E para que conste ante a Deputación, asino esta solicitude – declaración no lugar e data indicados.

En _____, a _____ de _____ de 2019

O/A representante

⁽¹⁾ De conformidade co establecido no artigo 4 da LXS, apartado 1, a) o beneficiario será responsable do cumprimento do obxectivo, de executar o proxecto, de realizar a actividade ou de adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, quen asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración (art 29.4 da LXS).

⁽²⁾ Débense indicar os datos de todas aquelas entidades e profesionais por conta propia con quen está previsto concertar a subcontratación.

⁽³⁾ A entidade beneficiaria comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do convenio, así como á obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

⁽⁴⁾ No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

1. Que se obteña a previa autorización da Deputación de Lugo.
2. Que o importe subvencionable non exceda o custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO 12**AUTORIZACIÓN****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DO CLUB_____

CIF_____

DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS_____

DNI/ NIE_____

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Lugo (Área e servizo de Deportes) a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude en relación co concurso público para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019.

_____, ____ de _____ de 2019

O/A representante

ÁREA DE TURISMO E CULTURA

Anuncio

BASES DO PROGRAMA “BUXIGANGA PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO 2019”

A Área de Turismo e Cultura ten entre as súas competencias, contribuír á difusión do teatro na vertente afeccionado en entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar a actividade cultural que se desenvolve nos distintos concellos de Lugo.

As actuacións do programa “Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019” desenvolveranse dende o 1 de Xuño ata o 1 de decembro de 2019, inclusive e os Concellos e asociacións deberán solicitar as correspondentes representacións tendo en conta que as actuacións que se leven a cabo programaranse en fin de semana (sábado e domingo) nas datas sinaladas (do 1 de xuño ata 1 de decembro de 2019).

No Programa “Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019” poderán participar como colectivos teatrais as asociacións que posúan un grupo de teatro afeccionado, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estean legalmente constituídas. Os grupos terán dereito a realizaren dentro dos circuítos un máximo de tres funcións e un mínimo de unha (sempre e cando así o permita a demanda).

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, que poderán solicitar actuacións para se acolleren a este programa, como a aquelas asociacións sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

O orzamento previsto para por en marcha o Programa Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado, 2019 é de 70.000 €. A distribución da/s función/s dependerá da demanda e do atractivo que resulte o proxecto para os solicitantes do Programa, establecéndose igualmente que o cento por cento de todas as funcións asinadas a un mesmo grupo teatral deberá ser inferior a 15.000 € máis IVE, de acordo co establecido no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Como en anos precedentes, os cachés das actuacións serán as seguintes:

- Grupos de 6 a 8 persoas: 500 €/función (tendo as 3 representacións 450 €/función)
- Grupos de 9 a 12 persoas: 750 €/función (tendo as 3 representacións 700 €/función)
- Grupos de 13 ou máis persoas: 850 €/función (tendo as 3 representacións 800 €/función)

A Área de Cultura establece que, tendo en conta os cachés de actuacións, que todos os solicitantes (os Concellos e as asociacións legalmente constituídas) deberán asumir o pagamento do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas. O resto do seu caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Turismo e Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo, o 80% do custo da actividade teatral e o 20% ao Concello ou asociación organizadora da función.

Por outra banda, co obxectivo de axudar a cubrir ese 20% co que contribúen asociacións e Concellos, estes poderán cobrar unha entrada simbólica que en ningún caso poderá superar os tres euros (3 €).

Non obstante, a porcentaxe que aboará a Deputación (ata un 80% máximo do custo da actividade), estará condicionada a cantidade que o Concello/Asociación solicitante poda recadar- se fose o caso de cobrar entrada simbólica-. No caso de que ésta supere o 20% do caché da actuación, a porcentaxe a aboar polo solicitante beneficiario da actuación será o total da recadación, debendo a Deputación aboar o grupo teatral a porcentaxe restante ata o pagamento do cento por cento da actuación. Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo o 80% (como máximo) do custo da actividade teatral e o 20% (como mínimo) ao Concello/Asociación solicitante da función. Por esta razón, non se pagará os grupos de teatro mentres o beneficiario da actuación non achegue o certificado de actuación onde constará a recadación total obtida pola representación teatral- no caso de tela-.

De tal xeito que, a vista do sinalado, atoparémonos con 3 variantes tipolóxicas (por número de actuantes e por custo da representación):

Grupos de 6 a 8 persoas: O custo por representación é de 500 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 400 €. Deste xeito as asociacións/concellos corresponderíalles aboar o 20 % do custo total, é dicir 100 €. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuítos o custo de cada representación diminúe até os 450 €, correspondéndolle á Deputación aboar 360 € (80 %) e as asociación/concellos 90 € (20 %)

Grupos de 9 a 12 persoas: O custo por representación é de 750 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 600 € e as asociación/concellos beneficiarios 150 € (20 %), para o caso de tratarse de unha soa actuación. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuítos o custo de cada representación diminúe até os 700 €, correspondéndolle á Deputación aboar 560 €/función (80 %) e as asociación/concellos beneficiarios 140 €/función (20 %), no suposto de acollerse a 3 representacións.

Grupos de 13 ou máis persoas: O custo por representación é de 850 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 680 € e as asociación/concellos beneficiarios 170 € (20 %), para o caso de tratarse de unha soa actuación. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuítos o custo de cada representación diminúe até os 800 €, correspondéndolle á Deputación aboar 640 €/función (80 %) e as asociación/concellos beneficiarios 160 €/función (20 %), no suposto de acollerse a 3 representacións.

• A efectos do pagamento, só se contabilizarán como membros reais do grupo aqueles que efectivamente participasen na/s representación/s, reservándose a Deputación a capacidade para pedir información ás Asociacións e/ou Concellos programadores para saber cal é o número de actores e actrices que levaron a cabo as funcións, e axustándose o pago á realidade da actuación.

De acordo coas presentes estipulacións, os Concellos e as entidades solicitantes das actuacións deberán aceptar as condicións deste programa, e por tanto quedan obrigados a:

a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación concedida), reservándose a Deputación a facultade de requirir, se é o caso, a presentación de documentos que xustifiquen o pago das actuacións adxudicadas. (Anexo 6).

b) Dispor dos seguros pertinentes para a realización das actuacións deste programa, asumindo todas as responsabilidades derivadas da organización, realización e desenvolvemento da actividade: local, aforo ou calquera outra derivada da materialización deste proxecto, de acordo co establecido nas bases da convocatoria. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir previamente á actuación, durante a mesma ou despois dela ou tamén aquelas referidas ao desprazamento previo e/ou posterior ás actuacións por parte das compañías participantes no programa.

c) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria.

d) Organizar e desenvolver as actuacións velando pola súa correcta realización e pola súa seguridade de acordo coa normativa legal vixente.

e) Para lle facer fronte a ese 20%, os Concellos e asociacións organizadoras poderán cobrarlles aos espectadores unha cantidade simbólica que nunca deberá superar os tres euros. A Deputación deberá ser informada a través do anexo 3, das cantidades concretas que recaden, así como do número de espectadores que presencian a peza.

f) Inscribirse no programa Buxiganga en tempo e forma (Anexo 5). Unha vez inscritos, dende a web da Área de Cultura poñerase a disposición das entidades solicitantes das pezas de teatro, un informe explicativo no que se proporciona información dos grupos de teatro incluídos dentro dos circuítos deste 2019. Posteriormente, unha vez rematado o prazo de adhesión (de grupos/ e tamén de solicitudes de actuacións) a Área de Cultura elaborará un documento informativo das actuacións a realizar na anualidade 2019. Non obstante, subliñase que será a Deputación quen debe organizar e dar o visto bo ao cronograma de actuacións.

g) Establecer un local axeitado para desenvolver as representacións posuíndo as necesidades técnicas e de seguridade. A Deputación de Lugo exímese de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade: características do local, aforo ou calquera eventualidade referida á materialización da actividade concedida, tal como se establece nesta convocatoria, ou as referidas a traslados da compañía, idade dos actores/actrices, montaxe, representación, desmontaxe, entre outros.

h) Nomear unha persoa responsábel que se faga cargo da promoción do evento e do óptimo desenvolvemento da actividade.

i) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.

j) Expedir documentos acreditativos da realización das actuacións concedidas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da actuación.

k) Comunicarlle á Deputación Provincial o enderezo do lugar onde se van levar a cabo as representacións, así como os planos dixitalizados onde se vai realizar a representación e fotografías do lugar.

l) Aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe da actuación correspondente ás actuacións adxudicadas. A Deputación resérvase a facultade de requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pagamento.

m) Distribuír os carteis anunciadores do programa enviados dende a Deputación. En toda a publicidade que se faga a maiores deberá figurar que a actuación pertence ao Programa "Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado

2019" xunto co logo da Deputación de Lugo (Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo). Esta última poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da citada publicidade.

n) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura de xurdir calquera tipo de inconveniente que non permita desenvolver a actuación na data acordada.

o) Non se poderán programar estas actuacións teatrais durante a celebración de festas ou mostras, pois a concepción de Buxiganga é a de ser complementaria á programación cultural que se desenvolve nos diferentes concellos da provincia de Lugo e non substitutiva desta.

p) Se algún dos solicitantes de anos anteriores non ten satisfeito a súa parte económica aos grupos participantes no programa, a Deputación reservase o dereito, motivadamente, a non concederlles actuacións dentro do Proxecto Buxiganga 2019 .

q) De producirse unha renuncia- tanto por parte do solicitante como por parte do grupo beneficiario- e sempre que sexa, por circunstancias alleas á Deputación de Lugo, nin o grupo contratado nin o solicitante beneficiario terán dereito a ningunha indemnización económica..

OBRIGAS DA DEPUTACIÓN:

–De igual xeito, a Deputación de Lugo comprométese a lles aboar a porcentaxe do 80% da actuación ao grupo ou grupos participantes neste programa, e en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación, aínda no caso de que houbese algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade solicitante da actuación. Non obstante, a porcentaxe que debe aboar a Deputación non se efectuará ata que o Concello ou Asociación beneficiaria con este programa non achegue o certificado de actuación onde constará- se fose o caso- a recadación total obtida pola representación teatral, segundo o establecido no anexo 3.

Ademais a Deputación comprométese a:

-Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das solicitudes.

-Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste programa.

OBRIGAS DOS GRUPOS DE TEATRO PARTICIPANTES NO PROGRAMA:

→ **Polo que respecta aos grupos participantes no Programa “Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019”, as súas obrigas para se acolleren a este programa de difusión do teatro na vertente de teatro afeccionado son:**

a) Seren asociacións culturais legalmente constituídas. Non poderán formar parte do proxecto Buxiganga, escolas municipais, grupos escolares ou universitarios e grupos profesionais.

b) Estar dadas de alta no IAE, nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver.

c) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria

d) Contar cunha sede na provincia de Lugo que non sexa unicamente social, senón que se realice nese mesmo espazo a actividade teatral : ensaios, actividades. Se a sede social non coincide co local de ensaios, este local de ensaios deberá estar obrigatoriamente en Lugo e deberase acreditar esta situación documentalmente.

e) Presentar unha memoria anual das actividades que desenvolvan no rexistro da Deputación para informar sobre as actividades que desenvolveron durante o ano.

f) Inscribirse no Programa Buxiganga en tempo e forma e cumprindo todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

g) Realizaren as actuacións nos lugares e horas asignados pola Deputación de Lugo.

h) A de lle expediren á Deputación as facturas legais e a declaración responsable (documento que se lles fornecerá desde a Área de Turismo e Cultura) correspondentes ás actuacións realizadas, tendo en conta que a Deputación só aboará o 80 % do custo total de cada actuación, quedando a cargo do Concello ou da asociación solicitante o 20 % restante. Estas facturas deberán presentarse na Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, inmediatamente despois de facer a representación.

i) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xurdise calquera tipo de inconveniente que non permita levar a cabo a actuación.

j) Deberán facer constar que a actividade a subvenciona a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo.

k) A utilizaren o idioma galego nas representacións das actuacións.

l) Reinvertir o diñeiro que recaden nas funcións na formación dos actores e actrices e na mellora do seu equipo técnico.

m) As obras que se presenten para os circuítos nunca poderán superar as 10 funcións dentro de Buxiganga durante varios anos.

n) Poderase presentar unha obra; de formato infantil/adulto ou rúa/sala.

o) As obras de teatro deberán cumprir cuns mínimos e máximos temporais. Se se trata dunha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos).

p) Os grupos teatrais que contar co seguro de responsabilidade civil pertinente para a realización das obras de teatro, e para eses efectos deberán cubrir o modelo de declaración xurada recollido nas bases. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén no desprazamento previo e posterior ás representacións por parte dos grupos participantes neste programa. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén do desprazamento previo e posterior ás representacións por parte dos grupos participantes neste programa.

• MODELOS DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA BUXIGANGA PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO 2019:

A) Grupos de teatro afeccionado:

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se lles proporcionará na Área de Turismo e Cultura e que deberá presentarse no Rexistro da Deputación de Lugo, acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de participación no Programa “Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019”.
- Fotocopia compulsada de estar dada de alta no IAE, dentro dun epígrafe acorde coa prestación a desenvolver.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
- Certificado dos datos bancarios
- Documentación técnica (elaboración dun informe explicativo)
- Anexos 1, 2 e 4 debidamente cubertos.

A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os Concellos e as asociacións solicitantes aos grupos de teatro polas súas actuacións.

B) Concellos e entidades solicitantes das actuacións:

Os concellos e entidades solicitantes das actuacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se lles proporcionará na Área de Turismo e Cultura e que deberá presentarse no Rexistro da Deputación de Lugo, acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de participación no Programa Buxiganga de Teatro afeccionado, 2019. (Anexo 5)
- Compromiso (por escrito) de lles facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (20% do custo da actuación) (Anexo 6)
- Planos e fotografías do espazo no que se vai realizar a representación, sempre e cando esta información non fose remitida á Área de Turismo e Cultura da Deputación en edicións anteriores do programa

A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os concellos e as asociacións solicitantes aos grupos de teatro polas súas actuacións.

LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A) Grupos

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no rexistro xeral da Deputación, **no prazo de 15 días hábiles**, contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases /condicións deste Programa no B.O.P.

B) Concellos e entidades solicitantes

Os Concellos e asociacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no rexistro xeral da Deputación, **no prazo de 15 días hábiles**, contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases/condicións deste Programa no B.O.P.

Consideracións derradeiras:

→ Todas aquelas solicitudes rexistradas despois desta data, serán desestimadas ao se atoparen fóra de prazo.

→ Calquera modificación/cancelación na solicitude ou na resolución da concesión (por parte dos solicitantes ou das compañías teatrais) terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Área de Cultura) nun prazo mínimo de 15 días hábiles antes da data sinalada. En caso contrario, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (solicitantes e compañías teatrais) e, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

→ **Determinacións procedimentais:**

Na tramitación da concesión aplicarase a Lei de procedemento administrativo e na xustificación, a lexislación de contratos.

Lugo, 1 de marzo de 2019.- O Presidente, Darío Campos Conde .- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez

ANEXO 1

SOLICITUDE DATOS DE GRUPOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO 2019

FICHA PARA CUBRIR E REENVIAR Á ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

GRUPO DE TEATRO:	
CIF:	
CONCELLO:	
NOME DA ASOCIACIÓN:	
NOME DO PRESIDENTE/PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN:	
PERSOA DE CONTACTO:	
ENDEREZO:	
CP:	
TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
CORREO ELECTRÓNICO:	
CIF DA ASOCIACIÓN:	NIF DO/DA REPRESENTANTE:
NÚMERO DE COMPOÑENTES:	
ANO DE FUNDACIÓN:	
NÚMERO DE CONTA:	
ENTIDADE:	
OBSERVACIÓNS:	

....., ade de 2019.

Sinatura.-

ILMO .SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO (SERVIZO DE CULTURA)

INFORME COMPLEMENTARIO QUE SE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE DE ALTA DOS GRUPOS DE TEATRO PARTICIPANTES NO PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO, 2019

- Documentación técnica. Elaboración dun informe explicativo, dependendo de se é un grupo novo dentro do programa ou ben un colectivo que xa participase en edicións anteriores, cos seguintes contidos:

A) GRUPOS NOVOS DENTRO DE BUXIGANGA:

- Breve historial do grupo (15 liñas)
- Copia por escrito da obra ou presentación dun informe da obra no que se achegue unha descrición do texto representado.
- DVD da obra.
- Historial amplo do grupo.
- Título da peza.
- Breve sinopse (15 liñas)
- Duración da peza aprox. Se é unha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos)

Idioma: galego.

- Autor/a da obra- breve biografía.
- Elenco (será preciso a presentación dos DNI dos diferentes actores e actrices ademais de achegar unha folla co reparto por idades dos actores e actrices)
- Dirección.
- Espazo escénico.
- *Raider* (plano de luces)
- 4 fotos do grupo en formato JPG (boa calidade)
- Preferencias de datas e día para participaren nos circuítos.

(A organización poderá requirir dos participantes información a maiores).

- Lugar de entrega da documentación: a través de rexistro da Deputación, dirixido á Área de Turismo e Cultura (Proxecto Buxiganga, 2019).

B) GRUPOS QUE PARTICIPARON EN EDICIÓNS ANTERIORES DOS CIRCUÍTOS DE BUXIGANGA:

- Nome do grupo.
- Breve historial do grupo (15 liñas)
- Copia por escrito da obra ou presentación dun informe da obra no que se achegue unha descrición do texto representado.
- DVD da obra.
- Título da peza.
- Breve sinopse (15 liñas)
- Duración da peza aprox. Se se trata dunha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos)

Idioma: galego.

- Autor/a da obra- Breve biografía.
- Elenco (será preciso a presentación dos DNI dos diferentes actores e actrices amais de achegar unha folla co reparto por idades dos actores e actrices)
- Dirección.
- Espazo escénico.
- *Raider* (plano de luces)
- 4 fotos do grupo en formato JPG (boa calidade)
- Preferencias de datas e día para participaren nos circuítos.

(A organización poderá requirir dos participantes información a maiores).

- **Lugar de entrega da documentación:** a través do rexistro xeral da Deputación, dirixíndoa á Área de Turismo e Cultura (Programa Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado 2019).

ANEXO 2
PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO 2019
DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Don/ dona, con NIF:..... como presidente/a da asociación cultural....., con CIF:, declaro responsablemente que:

- ☐ O noso grupo de teatro conta cos seguros pertinentes para a realización de obras de teatro, segundo o establecido nas bases do programa Buxiganga Proxecto Teatral Afeccionado, 2019.
- ☐ No elenco do noso grupo de teatro non temos actores/actrices menores de idade.
- ☐ No noso grupo de teatro temos actores/actrices menores de idade, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos.
- ☐ Que o domicilio social actual da nosa compañía atópase no seguinte enderezo:

Rúa:.....C.P:.....

Localidade: Provincia:

- ☐ Que o local de ensaio da nosa compañía atópase no seguinte enderezo:

Rúa:.....C.P:.....

Localidade: Provincia:

- ☐ Acepto as condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse.

..... ade de 201-

O PRESIDENTE/A

Asdo:

ANEXO 3

CERTIFICADO DE ACTUACIÓN NO PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO, 2019.

Os grupos, xunto coa factura, deberán presentar este certificado asinado polo Concello/ ou Asociación para a que se realiza a obra.

O concello de/ A Asociación de.....,con
CIF: e, .a través do seu representante
/Presidente....., con NIF:

FAI CONSTAR QUE

O grupo....., con
CIF: desenvolveu de maneira satisfactoria a
función..... o día.....ásdo
mes de.....de 2019.

Á que asistiron un total de.....espectadores, cun prezo en despacho de billetes
de..... cunha recadación total de..... euros.

En,.....a.....de.....de 2019.

Asinado

NOTA: O prezo da entrada no despacho de billetes, no caso de estipularse, **nunca poderá superar os tres euros simbólicos** que se establece nas bases definidas pola Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo.

ANEXO 4

ÁREA

--

CONTRATO MENOR

--

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D ^a			
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
DNI		Expedido con data	
Correo Electrónico			

☐ En nome propio☐ En representación de

		CIF	
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
Correo Electrónico			

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

▪ Que a persoa física ou xurídica:

- Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
- Non se atopa incursa nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).
- Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
- Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

	a	de	de	
--	---	----	----	--

Asdo.:

ANEXO 5

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA AS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO, 2019.

NOME DO CONCELLO/ASOCIACIÓN:
CIF:
NOME DA PERSOA SOLICITANTE:
DNI:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:
TELÉFONO DE CONTACTO:
*ENDEREZO ELECTRÓNICO:

SOLICITO:

☐ Inscribir o meu Concello no programa Buxiganga, Proxecto teatral afeccionado, 2019

☐ Inscribir a miña asociación no programa Buxiganga , Proxecto teatral afeccionado, 2019

☐ Dispoñemos dunha sala/ local ou outro tipo de emprazamento que reúne ás condicións de seguridade para o desenvolvemento das representacións de acordo coa normativa legal vixente.

NOME DA PERSOA RESPONSÁBEL DE BUXIGANGA:
TELÉFONO/S CONTACTO: ENDEREZO ELECTRÓNICO:

*É preciso contar cun enderezo electrónico, xa que será o medio que se vai utilizar para enviar o informe explicativo no que se dará información detallada dos grupos de teatro participantes.

....., a de de 201-

Sinatura.-

ILMO .SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO (SERVIZO DE CULTURA)

ANEXO 6

COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE FINANCIAMENTO DO PROGRAMA BUXIGANGA, PROXECTO TEATRAL AFECCIONADO, 2019.

Don/Dona _____, con

NIF nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en
_____ concello de
_____ e teléfono de contacto _____ e correo electrónico
_____, na condición de representante (nome da
Asociación/Concello) _____ con
CIF.: _____.

FAGO CONSTAR E ACEPTO :

☐ Que se desde a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo se lle concede a actuación solicitada á asociación/Concello que represento, asumimos a obriga de lles facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (**asumir o 20% do custo total da actuación concedida**), así como informar a Deputación de se deciden autofinanciar ese 20% co diñeiro resultante da venda de entradas, cun prezo que nunca poderá superar en ningún caso os tres euros simbólicos por espectador (3 €).

- Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse.
- Acepto que, de acordo coas bases, a Deputación de Lugo exímese de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade: características do local, aforo ou calquera eventualidade referida á materialización da actividade concedida, tal como se establece nesta convocatoria: traslados da compañía, montaxe, representación, desmontaxe e percorrido de volta o lugar de residencia ou orixe da compañía, entre outros.
- Acepto que me comprometo a formalizar unha póliza de responsabilidade civil para asumir as responsabilidades derivadas da organización e desenvolvemento da actividade: seguridade do local, aforo ou calquera outra que puidera derivarse da materialización deste proxecto, de acordo coa normativa legal vixente e co establecido nas bases da convocatoria.

E para que así conste, asino en _____ a _____ de 2019.

Asdo:

R. 0638

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- **CHANTADA.-REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1802 "CHANTADA (N-540)-SABADELLE-ENCORO BELESAR", PK 1+675 A 5+000, LU-P-1804 "TOUZA (LU-P-1801)-BELESAR-PONTE DE SAN FIZ (LU-617)", PK 1+700 A 6+049, E LU-P-1809 "CHANTADA (N-540A)-ANTAS DE ULLA (N-640)", PK 2+085 A 3+600 (EX0140B-AF-PERF 17/19-AB).**

.- **LUGO.- EXECUCIÓN DE CARRIL BICI DO P.K. 0+000 A 2+570 NO PARQUE DO RIO RATO (EX0060B19AB)**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Lugo, 22 de febreiro de 2019. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto de data 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0637

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS*Anuncio*

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 22 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE "TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN"

En sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a creación dunha listaxe de emprego temporal de **"Técnico Superior de Informática e Programación"** para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (ou no seu caso polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores).

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe de emprego temporal das seguintes características:

- **DENOMINACIÓN PRAZA/EMPREGO/POSTO:** TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN.
- **GRUPO/SUBGRUPO:** A/A1
- **CLASIFICACIÓN:** Técnico/a Superior

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

Contra o presente Acordo, que pon fin a vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación deste Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ou recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 27 de Febreiro de 2019; A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS COA CATEGORÍA DE "TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN".

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA: Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como **TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN.**

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Nomeamento de persoal Funcionario Interino, por calquera das circunstancias previstas e reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; ou contratación laboral temporal, por calquera das circunstancias recollidas no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:

- **DENOMINACIÓN:** “TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN”.
- **GRUPO/SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN:** A/A1.
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial. Subescala Técnica, Técnico/a Superior.

4.- FUNCIÓNS DA PRAZA/POSTO DE TRABAJO:

O cometido funcional desta praza/posto de traballo consistirá na realización das funcións propias, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial.

Os ocupantes deste tipo de postos realizarán as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este. En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo Xefe da Área ou Servizo correspondente de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5.- BASES DA CONVOCATORIA:

A) BASES XERAIS :Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

B) BASES ESPECÍFICAS: As bases específicas que rexeran este proceso selectivo para constituír a listaxe serán as recollidas nos seguintes apartados.

6.- REQUISITOS INDISPENSABLES: TITULACIÓN ACADÉMICA:

DENOMINACIÓN	TITULOS ACADÉMICOS
TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN	• Grado en Enxeñería Informática// Enxeñeiro/a Informático/a • Grado en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación// Enxeñeiro/a de Telecomunicacións. • Titulos Universitarios equivalentes

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- PROGRAMA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais: Congreso e Senado. A elaboración das leis. Clases de leis.

Tema 3.- O Goberno e a Administración Pública. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder Xudicial e a organización xudicial española.

Tema 4.- A Economía e Facenda na Constitución. O Tribunal Constitucional. A reforma constitucional. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

Tema 5.- A organización territorial do Estado na Constitución Española do 1978. Os Estatuto de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

Tema 6.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

Tema 7.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

Tema 8.- O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica.

Tema 9.- O réxime xurídico das Facendas Locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios orzamentarios. Os Tributos Locais: concepto e clasificación. Os impostos locais: imposto sobre Bens Inmóveis. Imposto sobre actividades económicas. Imposto sobre construcións, instalacións e obras. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.-Estratexia, obxectivos e función do directivo de Sistemas e Tecnoloxías da Información na Administración.

Tema 2.-Ferramentas de planificación e control da xestión da función do directivo de Sistemas e Tecnoloxías da Información na Administración. O Cadro de Mando.

Tema 3.-Organización e funcionamento dun Centro de Sistemas da Información I: Funcións de desenvolvemento e mantemento.

Tema 4.-Organización e funcionamento dun Centro de Sistemas da Información II: Funcións de sistemas, bases de datos e comunicacións.

Tema 5.-Organización e funcionamento dun Centro de Sistemas da Información III: Funcións de seguridade, calidade, microinformática e atención ós usuarios.

Tema 6.-Dirección de proxectos. Planificación estratéxica, xestión de recursos, seguimento de proxectos e toma de decisións.

Tema 7.-A xestión da compra pública de tecnoloxías da información.

Tema 8.-Infraestruturas, servizos comúns e compartidos para a interoperabilidade entre AAPP. Cl@ve, a Carpeta Cidadá, o Sistema de Interconexión de Rexistros, a Plataforma de Intermediación de datos e outros servizos.

Tema 9.-A protección xurídica dos programas de ordenador.

Tema 10.-Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro. Protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais. Principios, dereitos das persoas e responsable e encargado do tratamento.

Tema 11.- Interoperabilidade de sistemas. O Esquema Nacional de Interoperabilidade. Dimensións da interoperabilidade.

Tema 12.-Sistemas de almacenamento para sistemas grandes e departamentais. Dispositivos para o tratamento da información multimedia. Virtualización do almacenamento. Copias de seguridade.

Tema 13.-Tipos de sistemas de información multiusuario. Sistemas grandes, medios e pequenos. Servidores de datos e de aplicacións. Virtualización de servidores.

Tema 14.-Cloud Computing. IaaS, PaaS, SaaS. Nubes privadas, públicas e híbridas.

Tema 15.-O procesamento cooperativo e a arquitectura cliente-servidor.

Tema 16.-Arquitectura SOA.

Tema 17.-Conceptos e fundamentos de sistemas operativos. Evolución e tendencias.

Tema 18.-O sistema operativo UNIX – Linux I. Conceptos básicos. O sistema operativo UNIX – Linux II. Administración, instalación e xestión.

Tema 19.-Os sistemas de xestión de bases de datos.

Tema 20.-O modelo relacional I. A linguaxe SQL.O modelo relacional II. Normas e estándares para a interoperabilidade entre xestores de bases de datos relacionais.

Tema 21.-Software de código aberto I. Software libre. Conceptos base.Software de código aberto II. Software libre. Aplicacións en entorno ofimático e servidores Web.

Tema 22.-Xestión dos datos corporativos. Almacén de datos (Data-Warehouse). Arquitectura OLAP. Minería de datos.

Tema 23.-Big Data. Captura, análise, transformación, almacenamento e explotación de conxuntos masivos de datos. Os ambientes Hadoop ou similares. As bases de datos NoSQL.

Tema 24.-Comercio electrónico. Mecanismos de pago. Xestión do negocio. Factura electrónica. Pasarelas de pago.

Tema 25.-O cifrado. Algoritmos de cifrado simétrico e asimétrico. A función hash. O notariado.

Tema 26.-Técnicas de deseño software. Deseño por capas e patróns de deseño.

Tema 27.-A migración de aplicacións no marco dos procesos de axuste dimensional e por obsolescencia técnica. Xestión da configuración e das versións. Xestión de ambientes.

Tema 28.-O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO: arquitectura, capas, interfaces, protocolos, direccionamento e encamiñamento.

Tema 29.-As redes públicas de transmisión de datos. A rede SARA. A rede sTESTA. Planificación e xestión de redes.

Tema 30.-A seguridade nas redes. Tipos de ataques e ferramentas para a súa prevención: cortalumes, control de accesos e intrusións, técnicas criptográficas, etc. Medidas específicas para as comunicacións móbiles.

Tema 31.-A seguridade no nivel de aplicación. Tipos de ataques e protección de servizos web, bases de datos e interfaces de usuario.

Tema 32.-Seguridade de sistemas. Análise e xestión de riscos. Ferramentas.

Tema 33.-A rede de internet e os servizos básicos.

Tema 34.-Arquitectura das redes Intranet e Extranet. Concepto, estrutura e características. A súa implantación nas organizacións. Modelo de capas. Servidores de aplicacións, servidores de datos, granxas de servidores.

Tema 35.-Accesibilidade e usabilidade. W3C. Deseño universal. Deseño web adaptativo.

Tema 36.- Arquitectura de desenvolvemento na web. Desenvolvemento web front-end. Scripts de cliente. Frameworks. UX. Desenvolvemento web en servidor, conexións a bases de datos e interconexións con sistemas e servizos.

Pazo Provincial, 27 de Febreiro de 2019; A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I DAS BASES XERAIS QUE REGULAN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL INTERINO/TEMPORAL.

DATOS DA PRAZA / EMPREGO / LISTAXE QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN:	
ADSCRICIÓN:	
RÉXIME XURÍDICO:	
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:	

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de.....
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

- ☐ A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases específicas.
- ☐ A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

(Sinatura)

Lugo, de de

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 9.2.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 6 puntos).

DESEMPEÑO DE PRAZAS/POSTO/EMPREGOS NA ADMÓN. PÚBLICA.		
DENOMINACIÓN ADMINISTRACIÓN.	DENOMINACIÓN PRAZA / POSTO / EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

DESEMPEÑO DE POSTOS/EMPREGOS NA EMPRESA PRIVADA.		
DENOMINACIÓN DA EMPRESA.	DENOMINACIÓN DO EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

B) TITULACIÓNS ACADÉMICAS (Máximo 2 punto).

C) CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS , CONGRESOS E SIMILARES RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO/FUNCIÓN Á QUE SE OPTA (Máximo 4 puntos).

ASISTENCIA		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		

11		
12		
13		
14		
15		

APROVEITAMENTO		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		

IMPARTICIÓN.		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

PUBLICACIÓN, PROXECTOS, MASTERS PROPIOS, SEMINARIOS, ETC.	
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

D) IDIOMA GALEGO (Máximo 1 punto).

Nº. ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	

E) IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto).

Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	

F) SUPERACIÓN DE PROBAS (Máximo 1 punto).

PROBA SUPERADA.	Nº BOLETÍN OFICIAL DE PUBLICACION DA CONVOCATORIA

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será tratados pola Deputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.

R. 0619

CONCELLOS**BARALLA***Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 32 de 27 de febreiro de 2019, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2018:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2019).**
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Expónse ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla 27 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Jesús González Capón.

R. 0604

BURELA*Anuncio*

Esta Alcaldía, con data 25 de febreiro do 2019, ditou o Decreto número 2019/0158, que se transcribe a continuación:

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistas as atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente art. 21 da Lei 7/85, art. 24 R.D.781/86, art 41 R.D. 2568/86, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.

Visto o disposto no artigo 47 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de acordo co cal corresponde ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súas funcións e polo orden do seu nomeamento ó Alcalde, en casos de ausencia, entre outros, esixíndose nestes casos, resolución expresa de delegación das competencias de que se trate, resolución que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 44 .1 e 2 do mesmo regulamento.

Visto o establecido no artigo 44.1 e 2 do R.D. 2568/86 de acordo cos cales as delegacións se realizarán por decreto de Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio, producindo efectos a resolución desde o día seguinte á data da mesma, sen prexuízo da súa obrigatoria publicación no BOP.

Visto que esta Alcaldía ten que ausentarse do termo municipal os días 1, 2, 3, 4, 5, 6 de marzo de 2019, por motivos persoais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Delegar no 2º Tenente de Alcalde D. José Díaz García as competencias da Alcaldía, os días 1, 2, 3, 4, 5, 6 de marzo de 2019.

SEGUNDO: Ordenar a publicación da presente no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín oficial da Provincia.

TERCEIRO: Notifíquese a presente ao interesado aos efectos da súa aceptación e comuníquese ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre

Burela, 27 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0605

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de Traballador/a Social do SAF

O Concello de Guitiriz aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/02/2019 as seguintes bases:

“Bases para a creación dunha bolsa de emprego temporal de traballador/a social do SAF para posibles substitucións do persoal ou acumulación de tarefas mediante o sistema de concurso-oposición.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto a creación dunha bolsa de traballador/a social do SAF para posibles substitucións do persoal contratado por incapacidade laboral transitoria, vacacións; acumulación de tarefas, etc., cunha duración de 3 anos (2019-2022), mediante o sistema de concurso-oposición.

O réxime de contratación laboral será de duración determinada por acumulación de tarefas (ata un máximo de 6 meses) ou por substitución de traballadoras, de acordo co disposto no artigo 15.1. b) e c) do estatuto dos Traballadores.

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

2ª.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

Os cometidos funcionais do posto de traballo de traballador/a social do SAF son fundamentalmente os seguintes dos recollidos na ficha nº 29 da RPT do concello de Guitiriz:

“Generales:

-Procurar que los asuntos que se encomienden sean despachados con regularidad y cuidar el cumplimiento de los trámites dentro del plazo reglamentario.

-Apoyar y colaborar con los restantes servicios municipales en la redacción de informes, proyectos y pliegos de condiciones en que por sus conocimientos y competencias se le requiera.

-Tramitación electrónica de expedientes de acuerdo con los procedimientos telemáticos que se vayan instaurando, solicitando en su caso, apoyo, auxilio y colaboración de otras Administraciones Públicas.

- Atención al público directamente o por teléfono todos los días semana, salvo que sea autorizado por la alcaldía o tenencia de alcaldía un número menor de días de atención al público.

-Sustitución de otros puestos de categorías similares durante ausencias, permisos o vacaciones de acuerdo con los calendarios de trabajo de cada sección o servicio.

-Otras funciones expresamente encomendadas por la alcaldía circunstancialmente o por necesidades del servicio, que sean adecuadas a la categoría del puesto aunque no sean específicamente propias del puesto de trabajo (artículo 73.2 del EBEP).

Específicas del puesto:

-Funciones genéricas propias de la titulación del trabajador social.

-Colaboración y apoyo en las actividades, programas y planes de actuación municipal del las distintas Unidades de Servicios Sociales, de acuerdo con las instrucciones del Responsable del Servicio.

-Dirección y gestión del servicio de ayuda en el hogar de acuerdo con la normativa autonómica y las ordenanzas municipales que regulan la materia.

-Emisión de informes, dirección técnica de programas, tramitación de expedientes de servicios sociales, tramitación y seguimiento de expedientes de subvenciones en la materia.

-Informar, asesorar y orientar a las personas, familias y colectivos sociales sobre los derechos, obligaciones y recursos en materia de servicios sociales.

-Redacción de memorias, presupuestos y demás documentos técnicos necesarios para la solicitud o justificación de subvenciones de otras administraciones o entes públicos o privados."

O salario mensual será o establecido na RPT para posto de traballadora social do SAF máis os incrementos anuais que correspondan segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

Titulación: Diplomado en Traballo social ou título de grao equivalente que habilite para o exercicio da profesión de traballador/a social, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo aspirante no momento de remata-lo prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen formar parte no concurso-oposición, deberán presentar solicitude no modelo oficial (Anexo II) que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Guitiriz e na paxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com), dirixidas á Sr.a Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente. O Concello de Guitiriz reservase a posibilidade de facer oferta ó servizo público de emprego.

4.2.- Para ser admitido ó concurso-oposición os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsedades en que puidesen incurrir os aspirantes, para os efectos procedentes.

4.3.- Coas instancias deberán acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de **10 días naturais**, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases no BOP de Lugo.

4.5.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (rúa do Concello, nº4 de Guitiriz), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. Deberá adxuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).
- Documentación xustificativa da fase de concurso.

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal).

5.2.- Perante o prazo de 5 días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerárase definitiva.

5.4.- No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, a cal ditarase no prazo máximo de tres días e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: O persoal funcionario da Corporación que se nomee.

Secretaria/o: O secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laboral fixo dunha administración local designados/as pola Alcaldía

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos, publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Guitiriz.

6.7.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal terá a categoría segunda e prevense un número máximo de 4 sesións (20 asistencias) neste procedemento selectivo.

7ª.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

7.1. FASE DE OPOSICIÓN (de 0 a 20 puntos)

A fase de oposición consistirá na realización de tres exames obrigatorios e eliminatorios cunha puntuación máxima de 10 puntos os dous primeiros e de apto ou non apto o terceiro.

7.1.1.- EXAME TEST. Consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de 20 preguntas durante o prazo máximo de media hora. As respostas incorrectas descontarán unha correcta por cada tres incorrectas, mentres que si se deixa en branco non descontarán.

Valorarase de 0 a 10 puntos, debendo acadarse unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non obteñan esa puntuación mínima.

7.1.2.- CASO PRACTICO. Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos relacionado con un o varios dos temas establecidos no ANEXO II da convocatoria, nun prazo máximo de unha hora. Neste exercicio valoraranse fundamentalmente a capacidade para aplicar os distintos coñecementos teóricos á resolución de supostos prácticos de complexidade media.

Valorarase de 0 a 10 puntos, debendo acadarse unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non obteñan esa puntuación mínima.

7.1.3.- PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 4 ou equivalente.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

7.2. FASE DE CONCURSO DE MERITOS (de 0 a 7 puntos):

A fase de concurso de méritos dos aspirantes será posterior á fase de oposición e unicamente valoraranse os méritos dos aspirantes que aproben a fase de oposición. A puntuación máxima que se poderá obter será de 7 puntos, non sendo necesaria unha puntuación mínima para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberán posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

7.2.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (de 0 a 5 puntos)

Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas de traballador/a social do SAF nos últimos 10 anos: 0,15 puntos por mes completo de servizos ata un máximo de 5 puntos.

Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas de traballador/a social ao servizo dunha administración pública nos últimos 10 anos: 0,10 puntos por mes completo de servizos ata un máximo de 3 puntos.

A xustificación deste apartado farase coa presentación de certificado oficial da empresa ou administración na que prestara os servizos, que poderá presentarse coa instancia inicial ou posteriormente na fase de subsanación de deficiencias. Se o tribunal precisa unha aclaración ou matización dalgún extremo do certificado poderá solicitar aos aspirantes que aporten o correspondente certificado desa administración.

7.2.2.- FORMACION ACADEMICA (de 0 a 2 puntos)

A) Estar en posesión de títulos de estudos de postgrado e de cursos de formación impartidos por entidades ou organismos oficiais (universidades, centros de formación de administracións públicas, etc..) que estén directamente relacionados co posto de traballo de traballador social (de 0 a 2 puntos):

-Cursos de entre 20 e 40 horas: 0,10 puntos.

-Cursos de entre 41 e 60 horas: 0,20 puntos.

-Cursos de entre 61 e 100 horas: 0,50 puntos.

-Cursos ou títulos de entre 101 e 200 horas: 1 punto.

-Cursos ou títulos de máis de 200 horas: 1,5 puntos

A xustificación deste apartado farase coa presentación dos títulos orixinais ou compulsados nos que deberán constar as datas de realización (e as horas nos estudos de postgrado e cursos de formación). Se o tribunal precisa unha aclaración ou matización dalgún extremo do título poderá solicitar aos aspirantes que aporten a correspondente aclaración da entidade que impartiu o curso.

A puntuación obtida nesta fase de concurso será computada na valoración final dos aspirantes que superaran a fase de oposición.

8ª.- RESOLUCION DO PROCESO SELECTIVO E FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO

8.1. Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva dos integrantes da Bolsa de Emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guitiriz.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición, e se persiste o empate a persoa candidata con máis puntuación no apartado de experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

A Bolsa de Emprego que se creará coa presente convocatoria terá unha vixencia de 3 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

8.2. Os procedementos específicos para a contratación do persoal laboral seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou por acumulación de tarefas, atender servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

-Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do concelleiro do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

-Informes xurídico de secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de intervención

-Resolución de Alcaldía acordando o nomeamento da candidata que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste, en cuxo caso se nomeará á seguinte candidata da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

Si algunha candidata non contesta seguirase chamando as seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que si durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado.

A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello

-Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais urxentes conforme ao Estatuto dos Traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto.

8.3. Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo, se tivese acumulados máis de 180 días de traballo para o Concello, pasará a ocupar o derradeiro lugar na lista; en caso contrario, volverá a ocupar o lugar no que se atopaba antes da contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

8.4. A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da lista, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

a) estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.

b) estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

c) falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

d) outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.

e) Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo, Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado pasará ao final

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

8.5. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

a) Haber sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.

b) A non superación do período de proba. No caberá esixir dito período de proba cando o traballador xa desempeñara as mesmas funcións con anterioridade.

c) Haber sido despedido polo Concello de Guitiriz.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATO DE TRABALLO.

Cando os integrantes da bolsa sexan chamados para ser contratados, no prazo de cinco días naturais dende o chamamento, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houbesen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso.

Cumprimentado o anterior procederá a sinatura dos contratos laborais temporais. O réxime de contratación laboral será de duración determinada por acumulación de tarefas (ata un máximo de 6 meses) ou por substitución de traballadoras, de acordo co disposto no artigo 15.1. b) e c) do estatuto dos Traballadores.

DECIMA.- LEXISLACION E RÉXIME DE RECURSOS

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/95, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos. Non serán de aplicación as bases xerais do Concello de Guitiriz aprobadas polo decreto de alcaldía 40/2008.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.”

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO SAF

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA (BOLSA DE EMPREGO): Traballador/a social do SAF			
2.- DATOS PERSOAIS:			
..... SEGUNDO APELIDO	 NOME	 PRIMEIRO APELIDO	
..... DATA DE NACEMENTO	 LUGAR DE NACEMENTO	 PROVINCIA DE NACEMENTO	
..... DNI	 DOMICILIO	 TELEFONO	
..... MUNICIPIO	 PROVINCIA	 CÓDIGO POSTAL	
3.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA:			
4.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.-			
A.Copia do DNI.			
B.Copia autenticada da titulación esixida.			
C.Copia dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen. Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.			

O abaixo asinante SOLICITA ser admitido/a ao CONCURSO-OPOSICIÓN para a creación dunha bolsa de emprego publicada no BOP de Lugo á que se refire a presente instancia, e declara que son certos os datos obrantes nela, que reúne os requisitos xerais e específicos do posto esixidos na base terceira das bases da convocatoria, que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente calquera dato que lle requira o Concello.

En a de de 2019

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUIRITIZ

ANEXO II TEMARIO**Grupo 1**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.

TEMA 2.- A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento.

TEMA 3.- O Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.

TEMA 5.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.

TEMA 6.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación

Tema 8.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 9.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Recursos administrativos. Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. A suspensión da execución do acto percorrido.

TEMA 10.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Organos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 11.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.

TEMA 12.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local Municipios de Gran Poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións. O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.

TEMA 13.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

TEMA 14.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes dúas funcionarias/os locais. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

TEMA 15.- Lei 9/2017, de 9 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público: Normativa de aplicación. Tipoloxías de contratos e clasificación. Capacidade e solvencia. Obxecto, prezo e elementos formais.

TEMA 16.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais. Taxas e prezos públicos.

TEMA 17.- Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Grupo 2

TEMA 1. Marco legal dos servizos sociais na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de bases de réxime local.

TEMA 2. Competencias das administracións locais en materia de servizos sociais. Marco normativo.

TEMA 3. Lei de servizos sociais de Galicia. Definicións, obxectivos, principio e estrutura. Dereitos e deberes das persoas en relación cos servizos sociais.

TEMA 4. Lei de servizos sociais de Galicia. Catálogo de prestacións. O equipo profesional dos servizos sociais. Planificación, calidade e financiamento.

TEMA 5. O decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.

TEMA 6. Servizos sociais especializados. Definición, principios, obxectivos e competencias.

TEMA 7. O Plan concertado. Finalidade, obxectivos, programas e Prestacións.

TEMA 8. O traballo social como disciplina: concepto, funcións, niveis de intervención e principios.

TEMA 9. As técnicas empregadas no traballo social.

TEMA 10. Os instrumentos empregados no traballo social.

TEMA 11. O Código deontolóxico do traballo social.

TEMA 12. O proceso metodolóxico no traballo social.

TEMA 13. As necesidades sociais. Concepto, tipoloxía e características.

TEMA 14. Os sistemas da información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social.

TEMA 15. O equipo interdisciplinar no Sistema Galego de Servizos Sociais e nas entidades locais.

TEMA 16. A investigación en traballo social. Perspectivas, metodoloxía e técnicas aplicables.

TEMA 17. A avaliación dos servizos sociais. Concepto, niveis e tipos.

TEMA 18. A calidade nos servizos sociais.

TEMA 19. Lei 39/ 2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

TEMA 20. A dependencia e a súa valoración. Regulación do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia.

TEMA 21. O servizo de axuda no fogar. Normativa, contido e funcionamento na Comunidade Autónoma de Galicia.

TEMA 22. Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello de Guitiriz.

TEMA 23. As persoas maiores e o envellecemento: características e aspectos sociais. Prestacións e recursos no concello de Guitiriz.

TEMA 24. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

TEMA 25. Prestacións de inclusión social de Galicia: a Renda de Inclusión Social e as axudas de inclusión.

TEMA 26. As persoas con discapacidade. Valoración, necesidades e recursos.

TEMA 27. Intervención dos servizos sociais con familias e menores en situación de vulnerabilidade social. O programa municipal de educación familiar.

TEMA 28. A mediación familiar en Galicia.

Guitiriz, 26 de febreiro de 2019.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 0606

Anuncio

OFERTA EMPREGO PUBLICO 2019 DO CONCELLO DE GUITIRIZ

En Xunta de Goberno Local de data 21/02/2019 adoptouse o seguinte acordo en relación a Oferta de Emprego Publico 2019 do Concello de Guitiriz:

Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2019 que contén os seguintes postos de traballo que deberán convocarse no prazo máximo de 3 anos:

PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN GRUPO ESCALA SUBESCALA	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Policia Local C1 Escala: Administración Especial Subescala: Servizos especiais	1	1 Mobilidade	Concurso	Artigo 19.Uno.5 LOXE 2018

Administrativo C1 Escala: Administración General Subescala: Administrativa	1	Libre	Concurso-oposición	Artigo 19.Uno.7 LOXE 2018
--	---	-------	--------------------	------------------------------

PERSONAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Auxiliares de axuda no fogar	28	Libre	Concurso-oposición	Taxa adicional do artigo 19.Uno.9 LOXE 2018
Peón de servizos múltiples	1	Libre	Concurso-oposición	Artigo 19.Uno.7 LOXE 2018

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 26 de febreiro de 2019.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 0607

O INCIO*Anuncio*

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 22/02/2019, aprobou inicialmente expediente de modificación de créditos do orzamento do 2019. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunase que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa - Presidenta deste Concello.

O Incio, 27 de febreiro de 2019.- A Alcaldesa, Laura Celeiro García.

R. 0608

LUGO*Anuncio***DECRETO NÚMERO 19000863 DO 07/02/2019**

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e nos seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

-Grupo C1: escala de administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: sarxento bombeiros.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

-Grupo C1: escala de administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: sarxento bombeiros.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o dous de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 5/5 PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE SARXENTO BOMBEIRO, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Sarxento de Bombeiros pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014, e publicadas integramente no BOP de Lugo número 256, do 7.11.2014, como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/5 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na sesión do 2.01.2019, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE SARXENTO BOMBEIROS PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

1º.- OBXECTO.- É obxecto das presentes bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Sarxento Bombeiros, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014.

Ditas bases foron publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 256, de data 7 de novembro de 2014.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Sarxento bombeiros
- b) Grupo C (Subgrupo C1)
- c) Outras características: administración especial.

Subescala: servizos especiais.

Clase: servizos de extinción de incendios.

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- a) Título de bacharelato superior ou equivalente.
- b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente ó grupo inmediatamente inferior da clase da praza ofertada, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promociona.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar no correspondente proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcadesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alega-los méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán supera-los aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

A fase de oposición consistirá nun total de dúas probas, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

1.- Proba teórica. Consistirá na contestación dun total de 20 preguntas curtas sobre o temario específico. O tempo total do que disporán os candidatos/as será de dúas horas e media. Cada pregunta será valorada cun máximo de 0,2 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 2,5 puntos para superar a proba.

2.- Proba práctica. Consistirá no desenvolvemento dun caso práctico, no que se poderán presentar diversas situacións relacionadas coas responsabilidades do posto de sarxento de bombeiros. O tempo total do que disporán os candidatos/as será de dúas horas e media. A puntuación máxima que se poderá acadar nesta proba será de 4 puntos, debendo acadarse un mínimo de 2,5 puntos para superala.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

1.- Fundamentos do lume: lume e combustión. Propagación e clasificación dos lumes.

2.- Mecanismos de extinción de incendios. Axentes extintores, sólidos, líquidos e gaseosos, características e campo de aplicación.

3.- Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento. Normativa aplicable.

4.- Toxicidade dos lumes: os produtos de combustión.

5.- Hidrostática. Presión hidrostática. Equilibrio dun fluído no campo gravitatorio. Medida de presión. Centro de presións: estabilidade en flotación e somerxidos.

6.- Hidrodinámica. Movemento laminar e turbulento. Caudal, empuxe e persa de carga. Variación de caudal.

7.- Bombas centrífugas. Tipos e características das bombas utilizadas nos S.E.I.S. (Servizos de Extinción e Salvamentos). Normativa aplicable. Descrición e funcionamento. Cavitación e golpe de ariete das bombas centrífugas.

8.- Flash over: concepto, características, tipos, condicións para que se produza, causas e efectos.

9.- Propagación do lume na edificación. Elementos constructivos e a propagación do lume: fachadas, caixas de escaleiras, conductos de instalación de aire acondicionado, conductos verticais de instalación, falsos teitos. Sistemas de selado.

10.- Protección respiratoria en ambientes con riscos derivados dun incendio: tixicidade e riscos. Equipos de protección respiratoria: clases e características. Normativa. Normas de actuación.

- 11.- Intervencións de orixe eléctrico, procedemento nas actuacións. Métodos de extincións: redes eléctricas, centros de transformación, instalación de baixa tensión nos edificios, máquinas eléctricas...
- 12.- Métodos de salvamento. Rescate de vítimas en accidentes de circulación. Material de corte, separación e de elevación, bomba hidráulica e manual. Medidas de seguridade. Técnicas de rescate. Señalización. Rescate en medios acuáticos. Material e técnicas de rescate en superficie.
13. Motores de explosión e de combustión interna. Características, componentes principais e funcionamento. Perigos que ofrecen fronte os riscos de lumes.
- 14.- Sistemas de comunicación en emerxencias: organización e características. Sistemas PMR: configuración e ventaxas fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas dixitais : DMR e tetra.
- 15.- Tipos de vehículos dos SEIS. Normativa aplicable. A conducción de vehículos de emerxencia. Prioridades de paso.
- 16.- O concepto de tren de saída. Tipos. Vehículos: tipos e características. Equipos de protección persoal: características. Normativa. Seguridade na intervención.
- 17.- Equipamento dos vehículos dos SEIS. Mangueiras e lanzas. Bifurcacións. Reducións. Racores. Monitores. Material para a formación de espuma. Escalas manuais. Hidroexector e turbobomba. Cámara térmica. Exploxímetros e detectores de gases. Normativa aplicable.
- 18.- Código Técnico da Edificación.SI-SUE- Propagación exterior e propagación interior. Evacuación de ocupantes.
- 19.- Código Técnico da Edificación. Instalacións de Protección contra incendios. Intervención dos bombeiros. Resistencia ó lume da estrutura.
- 20.- Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. RD 513/2017, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- 21.- Instalacións de protección contra incendios: medios manuais de extinción; instalación de detección e alarma, instalacións fixas de extinción automática.
- 22.- Comportamento das estruturas e elementos construtivos ante o lume: clasificación dos materiais e elementos de obra pola súa resistencia ao lume. Comportamento dos mesmos. Comportamento das estruturas fronte o lume. Crados e illamento e protección das estruturas nos seus diversos elementos.
- 23.- Estado de ruína: distinción entre ruína incipiente e inminente. Características de cada unha delas. Síntomas e diagnósticos. Manifestacións externas das lesións. Declaración de estado de solidez.
- 24.- Lesións nos edificios: por asentamentos iniciais de obra ou por ceder o terreo, por aplatamento, rotación e corremento do terreo. Manifestacións. Tipos. Medidas correctoras de urxencia.
- 25.- Prevención e tratamento de movementos do terreo. Formas de traballo. Perigos na súa execución.
- 26.- Regulamento de explosivos RD 130/2017. Clasificación dos explosivos. Medidas de vixilancia, control e prevención na fabricación e na almacenaxe. Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería RD 989/2015.
- 27.- Explosións Blevé. Definición. Condicións nas que se producen. Consecuencias previsibles no caso de explosión. Principais produtos perigosos. Medidas preventivas. Definición dos fenómenos Frothover. Boilover e Slopover.
- 28.- Investigación de incendios.
- 29.- Incendios forestais. Tipos de incendios forestais. Prevención, vixilancia e detección. Sistemas de extinción. Obrigas dos bombeiros dos parques urbanos nos incendios forestais en Galicia.
- 30.- Produtos químicos perigosos. Clasificación. Características xerais. Propiedades máis comúns.
- 31.- Avaliación do risco químico nos casos de emerxencia. Análise da gravidade da emerxencia. Tipos de emerxencia segundo o produto involucrado. Información preliminar. Toma de datos no lugar da emerxencia. Medios a utilizar e eliminación de residuos.
- 32.- Transporte de mercadorías perigosas. Sinalización dos vehículos e contenedores que transportan mercadorías perigosas. Panel laranxa e etiquetas (segundo regulamentos RID e ADR). Actuacións no caso de accidentes. Protocolos de intervención. Directiva Seveso II, RD 840/2015, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas.
- 33.- Regulamento sobre a industria petrolífera. Estacións de servizo.
- 34.- Norma básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poden orixinar situacións de emerxencia.
- Decreto 171/2010, sobre plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia. Rexistro dos Plans.
- Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Catálogo

- 35.- Lei 17/2015 do Sistema Nacional de *Protección Civil* e a normativa básica de Protección Civil. Plans de Protección Civil.
- 36.- O Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Galega (PLATERGA). Estructura do Plan e aspectos principais. Aplicación no Concello de Lugo
- 37.- O Plan de Emerxencias Municipal do Concello de Lugo e normativa municipal relacionada con actividades de risco (lumes de San Xoán, festas...) Plans de Actuación Municipal do Concello de Lugo.
- 38.- A Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia.
- 39.- Lei da Comunidade Autónoma de Galicia de prevención e defensa contra os incendios forestais. Plan Municipal de Prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Lugo. Plan Especial de Protección Civil ante incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia. Principios xerais. Análise de riscos. Estrutura, organización e funcións. Operatividade. Medios e recursos. Implantación e mantemento.
- 40.- Plans autonómicos ante situación de emerxencia: seca, nega, sismigal, transgal, inundacións,...
- 41.- Organización e funcionamento dos Parques de Bombeiros. Obxectivo e fins. Ámbito territorial. Estudio de funcións. O Parque de Bombeiros de Lugo. Avaliación e control de riscos, loita contra sinistros.
- 42.- O mando. Características do mando. Funcións fundamentais. As responsabilidades e delegacións. A motivación e tipos de motivación. Distribución e organización dos servizos.
- 43.- Dirección de siniestros. Organización da dirección de siniestros. Posto de mando. Compoñentes. Misións. Sectorización. Comunicacions. Organización e coordinación dos recursos. Proceso de toma de decisións en emerxencias.
- 44.- Lei de prevención de riscos laborais. Aspectos fundamentais. Normativa sobre seguridade e saúde no traballo.
- 45.- Equipos de Protección Individual para bombeiros. Regulamentación aplicable.
- 46.- A formación do bombeiro. Conceptos, tipos e desenvolvemento dos plans de formación nos centros de traballo. Planificación de entrenamento e mantemento físico para bombeiros.
- 47.- Intervención psicolóxica en intervencións e desastres. Intervención en estrés postrauma. Apoio psicolóxico aos intervinientes. Reaccións do persoal de axuda e rescate.
- 48.- A Lei de procedemento administrativo: nocións básicas.
- 49.- Normativa de contratación administrativa aplicable no Concello de Lugo: nocións básicas.
- 50.- Ordenanzas e Bandos do Concello de Lugo. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Redes de abastecemento e saneamento. Rede de distribución de gas natural. Plantas satélites de GN. Almacenamentos de GNL

9º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto se prezuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente ao seu dereito.

Lugo, 27 de febreiro de 2019.- O Tte. De Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 0609

MURAS

Anuncio

Tendo quedado definitivamente aprobado o Orzamento, aprobado polo Pleno deste Concello para o exercicio económico de 2019, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 4 de febreiro de 2019, en cumprimento do que dispón, o artigo 150. 3 de la Ley 39/1988 de 28 de diciembre, faise público que dito Orzamento ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á cuantía de UN MILLÓN NOVECIENTOS VINTEOUS MIL SETECENTOS ONCE EUROS, *TOTAL GASTOS 1.922.711,00, TOTAL INGRESOS 1.922.711,00* correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	497.699,97
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.064.111,03
3	GASTOS FINANCIEROS	1.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	113.300,00
B)OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIÓNS REAIS	246.100,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL GASTOS		1.922.711,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.198.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	7.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	134.551,00
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	580.560,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.600,00
B)OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAXENACION DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL INGRESOS		1.922.711,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co lo que preceptúa el art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproducen a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Escala/Categoría	Número	Grupo	Subgrupo	Situación
1. Funcionarios de habilitación estatal				
1.1. Secretario-Interventor	1	A	A1/A2	Cuberta
2. Escala de Administración Xeral				

2.1. Subescala Administrativa				
Administrativo	1	C	C1	Cuberta
2.2. Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administrativo	2	C	C2	1. Cuberta 1. Vacante

B) PERSOAL LABORAL PERMANENTE

Categoría	Número	Situación
Obras e servizos		
Oficial encargado	1	Vacante
Operario conductor	3	Vacante

De acordo co establecido no artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xuño Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Muras, 27 de febreiro de 2019.- O Alcalde-Presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0610

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) DEPUTACIÓN DE LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 15 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBAN A BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPADA 2018-2019.

BDNS (Identif.): 441664

SUBVENCIONS DESTINADAS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DELUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPADA 2018-2019.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8 a da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo poderá consultar na Base de datos Nacional de Subvencions.

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/gl/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencions os clubs deportivos da provincia de Lugo que teñan a súa sede e domicilio social na provincia de Lugo e participen en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase expresamente o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación), na modalidade para a que solicitan a subvención e dentro das disciplinas indicadas no punto 1.2 da presente convocatoria e que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido na presente convocatoria, tendo a consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade destas bases, se atope na situación que lexitima a súa concesión. Quedan expresamente excluídas, por tanto, deste procedemento as sociedades anónimas deportivas.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencions, en réxime de concorrncia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2018-2019. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das subvencions, xa que a súa condición unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na convocatoria, tendo en conta que quedan determinadas as disciplinas e modalidades incluídas e que se vinculan á súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por

equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación).

As subvencións desta convocatoria teñen por finalidade o fomento e a promoción do deporte lucense no seu ámbito deportivo-competitivo.

Será obxecto deste procedemento de subvencións financiar os gastos de temporada 2018-2019 dos clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal (enténdase expresamente o primeiro e segundo nivel de categoría da respectiva disciplina, independentemente da súa denominación), de como mínimo 15 xornadas de competición regular oficial e nas seguintes disciplinas deportivas e modalidades deportivas:

Fútbol

Fútbol sala

Baloncesto

Voleibol

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://www.deputacionlugo.gal/gi/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

<http://www.deputacionlugo.gal/gi/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPADA 2018-2019.

<http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 440.000,00 euros.

Importe mínimo en base á puntuación obtida de acordo cos criterios establecidos na convocatoria.

Importe máximo: a subvención máxima que se poderá conceder non poderá superar o 60 % do orzamento financiable presentado por cada un dos solicitantes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación non BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ata o 50% do importe da subvención concedida, con dispensa de garantía.

Lugo, 26 de febreiro de 2019.- O Presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos Conde.

R. 0611